

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

ORDE do 20 de abril de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas para o libro galego, dirixidas á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento CT221D).

De acordo coas atribucións que asigna o marco competencial, correspóndelle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, ao abeiro do Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, favorecer a difusión da produción intelectual e creativa de Galicia noutras culturas co fin de contribuír ao intercambio cultural e á configuración dunha sociedade plural e integradora.

Tamén é competencia da Consellería o apoio á produción editorial e a edición das obras que sexan de interese xeral para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Por este motivo, dentro das responsabilidades que lle competen, no uso das facultades que se lle conferiron, e de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude establece subvencións de apoio ao libro galego, dirixidas á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego, de xeito que as nosas autoras e autores contén con vías para exportar a súa produción.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere, con esta orde, establecer un instrumento que, conforme a normativa legal vixente, marque as pautas para unha distribución, segundo os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados ao libro, axustada ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A participación das entidades estranxeiras nesta convocatoria é de especial interese, xa que facilita a internacionalización da creación literaria galega e a incorporación e o enriquecemento do mercado editorial de Galicia e en galego coa produción literaria española e estranxeira. Debido a que as persoas destinatarias destas axudas poden estar situadas en países con niveis de desenvolvemento tecnolóxico moi diferentes, constituídas de acordo coa lexislación aplicable a cada un e con características técnicas e funcionais distintas non asimilables á situación vixente en Galicia, habilítase temporalmente o acceso mediante



calquera medio que deixe constancia da presentación en prazo, co fin de que non se obstaculice o seu acceso a esta convocatoria.

Na súa virtude, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regularán o procedemento de concesión de subvencións a aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten a condición de editoras, de acordo co establecido nesta orde (código do procedemento CT221D).

A finalidade é subvencionar os custos da tradución das diferentes obras literarias en formato papel ou dixital para apoiar o libro galego e o mercado literario galego, no que se refire á tradución para outras linguas de obras publicadas e comercializadas orixinariamente en galego.

Así mesmo, ten por obxecto convocar a dita subvención para o ano 2026.

Artigo 2. *Requisitos*

1. As obras literarias subvencionables, obxecto da tradución, deben pertencer aos seguintes xéneros: narrativa, poesía, ensaio, divulgación científica, cómic, teatro ou literatura infantil e xuvenil.

2. Só serán obxecto de subvención as obras das que se trate dunha primeira tradución ou teñan pasado máis de 20 anos desde a última tradución.

3. A editora debe estar en posesión dos dereitos de edición para a publicación da obra traducida obxecto de subvención.

4. A tradución da obra para a cal se solicita a subvención deberá ter data de publicación a partir do 1 de xaneiro de 2026. Computarase como data de publicación a data de entrega do libro na oficina do depósito legal, no caso de publicacións en soporte físico. No caso de publicacións dixitais, a data de publicación na plataforma para a súa comercialización.



5. Só se subvencionará a tradución dun mesmo título. No suposto de que haxa varias solicitudes para a mesma obra, subvencionarase a solicitude que obteña máis puntos de acordo co artigo 14, e en caso de empate, a presentada en primeiro lugar.

6. Cada editora poderá presentar solicitude para a tradución dun máximo de 15 obras.

7. En ningún caso se concederán máis de cinco axudas por editora a obras en que conste a mesma persoa tradutora.

Artigo 3. *Gastos subvencionables*

Considéranse custos subvencionables os honorarios profesionais da persoa que realice a tradución sempre que se paguen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de setembro de 2027, aínda que a data de contratación da persoa tradutora poida ser desde o 1 de xaneiro de 2025.

Artigo 4. *Entidades ou persoas beneficiarias e excluídas*

1. Beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas para a tradución aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten a súa condición de editoras de acordo co establecido nesta orde, para o que deberán estar dadas de alta antes do 1 de xaneiro de 2026 na epígrafe 476.1, edición de libros, do imposto de actividades económicas.

2. Excluídas.

– As editoras que se atopen nos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Aquelas persoas físicas ou xurídicas que estean sancionadas administrativa ou penalmente coa perda da posibilidade de obtención de subvencións públicas, ou incorran nalgunha prohibición legal que as inhabilite para iso, con inclusión das que se produciron por discriminación de sexo, de conformidade co disposto na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

– As editoras que presenten contratos de tradución con persoas xurídicas.



– A autoedición que non teña distribución comercial, é dicir, que estea fóra das liñas de comercialización e distribución de plataformas físicas ou dixitais dos libros, así como aquelas obras comercializadas unicamente polo sistema de edición a demanda.

– As obras traducidas mediante técnicas de intelixencia artificial xenerativa. O órgano instructor poderá verificar se a tradución foi elaborada por medio de intelixencia artificial xenerativa mediante as ferramentas que sexan necesarias.

– As traducións de obras que recibiron esta mesma subvención en convocatorias anteriores.

Artigo 5. *Imputación orzamentaria*

1. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432A.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, por un importe máximo de 50.000,00 €, dos cales 22.500,00 € corresponden á anualidade 2026 e 27.500,00 € á anualidade 2027.

2. Este importe inicial pode ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6. *Natureza e concorrencia das axudas*

1. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As axudas establecidas nesta orde para apoiar o libro galego quedan suxeitas ao Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023, serie L).

3. As axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites sinalados no Regulamento (UE) nº 2023/2831. A contía total das axudas *de minimis* concedidas a unha empresa non poderá exceder os 300.000,00 € durante o período dos tres anos previos á data da concesión. Este limiar aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido. As axudas *de minimis* non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se a dita acumulación dá lugar



a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

4. Os mecanismos e as medidas que se aplicarán no procedemento para reducir o risco de fraude e de corrupción e os conflitos de intereses ateranse ao previsto no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

5. As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra que poida ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levou a cabo a entidade beneficiaria.

Artigo 7. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, segundo o modelo que se incorpora como anexo I.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

3. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. Excepcionalmente, as editoriais estranxeiras que non dispoñan de mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia poderán presentar a solicitude presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Debido a que as persoas destinatarias destas axudas poden estar situadas en países con niveis de desenvolvemento tecnolóxico moi diferentes, constituídas de acordo coa lexislación aplicable a cada un e con características técnicas e funcionais distintas non asimila-



bles á situación vixente en Galicia, habilitase temporalmente o acceso mediante calquera medio que deixe constancia da presentación en prazo, co fin de que non se obstaculice o seu acceso a esta convocatoria. A presentación de solicitudes por parte de editoriais estranxeiras deberá ser notificada ao correo: axudas-libro.cultura@xunta.gal

Artigo 8. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que comezará a computarse ás 9.00 horas do quinto día hábil seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, e rematará ás 20.00 horas do último día de presentación de solicitudes.

Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. Non serán admitidas en ningún caso solicitudes presentadas fóra do prazo e da forma establecida nesta orde.

Artigo 9. *Documentación complementaria*

1. As persoas e as entidades interesadas deberán facer constar un catálogo da editorial onde se recollan as obras que estean publicadas e comercializadas pola editora, fóra de Galicia, excluídas as reimpresións, entre os anos 2023 e 2025, ambos incluídos. Para isto cubrirase a epígrafe habilitada para tal efecto recollida no formulario de solicitude (anexo I) desta orde, que leva por título Catálogo da editorial, e non será preciso achegalo como documentación para presentar xunto coa solicitude. Enténdese por obra publicada o disposto no artigo 2.4 desta orde.

2. Ademais, as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

A. Documentación de carácter xeral. Esta documentación só se presentará unha vez, no caso de varias solicitudes da mesma editorial:

– En caso de actuar a través de representante, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante, de ser o caso. Neste caso, a representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>



- Escritura pública da constitución da entidade ou equivalente, de ser o caso.
- Poder do representante legal, de ser o caso.
- Copia do último recibo de pagamento do imposto de actividades económicas, de ser o caso.
- Certificación onde conste o motivo polo cal a editorial, sexa persoa física ou xurídica, non figura inscrita nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e/ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e/ou da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, de ser o caso.

B. Documentación específica referida ás obras que se pretende traducir:

- Contrato coa persoa tradutora da obra de data a partir de 1 de xaneiro de 2025, conforme o establecido na Lei de propiedade intelectual, en que deben constar os datos identificativos da persoa que realizará a tradución e o seu importe.
- Plan de distribución da obra.
- Currículo da persoa tradutora onde consten os aspectos que se van valorar no artigo 14.4 desta orde: formación, experiencia profesional referida á obra traducida diferenciando obras literarias doutras traducións en ámbitos distintos do literario, así como premios recibidos como tradutor/a de ámbito autonómico, nacional ou internacional (máximo 2 páxinas). Ademais, deberán incluír os ditos datos no anexo II (memoria xustificativa sobre o valor literario da proposta presentada).
- No caso de que a editorial conte cun equipo propio de tradución, certificación que acredite que a persoa responsable da tradución está incluída no seu cadro de persoal, nunha categoría que a habilite para o exercicio de tal labor. Tamén deberá achegar o currículo da persoa tradutora onde se indiquen os aspectos que se van valorar no artigo 14.4 desta orde, ademais de incluír os ditos datos no anexo II que se xunta coa solicitude. Así mesmo, deberá constar na dita certificación a cuantificación do importe da tradución.
- Xustificante de ter os dereitos precisos para a publicación da obra, agás que a obra sexa de dominio público, que deberá indicarse no anexo II. Unha obra pasa a ser de dominio público cando os dereitos patrimoniais da persoa autora se extinguen, segundo a normativa do seu país de orixe. En España as obras pasan a ser de dominio público aos 70 anos despois da morte da persoa autora. Non obstante, para os/as falecidos/as antes do 7 de



decembro de 1987, o prazo é de 80 anos tras a súa morte. O prazo compútase a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte ao do falecemento da persoa autora.

– Xustificante de ter presentado un exemplar completo da obra orixinal para a cal se solicite a axuda en formato dixital editable. No caso de ser inviable a súa presentación electrónica, deberá presentarse en soporte papel, tal e como se establece no artigo 10, número 5, desta orde.

– Memoria xustificativa sobre o valor literario da proposta presentada (autor e obra), en que se indiquen todos os aspectos que se van valorar no artigo 14.1 desta orde, para o que se deberá cubrir o anexo II. Deberá presentarse un anexo II por cada obra que se solicite traducir.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados parao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

4. No caso de discrepancia entre os datos do formulario de solicitude (anexo I) e o anexo II, e os datos achegados pola entidade solicitante, prevalecerá o declarado nos ditos anexos, salvo que se achegue unha aclaración ao respecto.

5. A documentación que se achegue coa solicitude debe vir obrigatoriamente nunha das dúas linguas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución, certificada pola editorial solicitante, que será responsable da veracidade da tradución.

Artigo 10. *Forma de presentación da documentación complementaria*

1. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica.



Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

2. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial, dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Excepcionalmente, a documentación referida á achega dun exemplar completo da obra para a cal se solicita a axuda, prevista no artigo 9, parágrafo B, presentarase en soporte papel cando sexa inviable a súa presentación electrónica. A dita documentación poderá presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, e dirixirse á Dirección Xeral de Cultura, Servizo do Libro e Publicacións, na Cidade da Cultura, Monte Gaiás, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

6. Excepcionalmente, as editoriais estranxeiras que non dispoñan de mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia poderán presentar a documentación presencialmente, segundo a forma indicada no artigo 7.4 desta orde.

Debido a que as persoas destinatarias destas axudas poden estar situadas en países con niveis de desenvolvemento tecnolóxico moi diferentes, constituídas de acordo coa lexislación aplicable a cada un e con características técnicas e funcionais distintas non asimilables á situación vixente en Galicia, habilítase temporalmente o acceso mediante calquera medio que deixe constancia da presentación en prazo, co fin de que non se obstaculice o



seu acceso a esta convocatoria. A presentación de solicitudes por parte de editoriais estranxeiras deberá ser notificada ao correo: axudas-libro.cultura@xunta.gal

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade solicitante.
- d) NIF da entidade representante.
- e) Alta no imposto de actividades económicas (IAE).
- f) Certificado de estar ao día no pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- g) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- h) Certificado de estar ao día no pagamento de débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- i) Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas.
- j) Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas.
- k) Consulta de subvencións e axudas públicas afectadas pola regra *de minimis*.
- l) Certificado de domicilio fiscal.

2. As editoriais de fóra de España que non dispoñan da documentación prevista no párrafo anterior deberán achegar a súa equivalente, de acordo coa lexislación do seu país de orixe, dado que automaticamente non se pode comprobar.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.



Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. *Emenda das solicitudes*

Se a documentación presentada é incompleta ou presenta erros emendables, requirirase a persoa interesada para que, no prazo de 10 días hábiles, rectifique a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se terá por desistida da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 13. *Procedemento de instrución*

1. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Correspóndelle á Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro a instrución do procedemento de concesión de subvencións, que desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación que se axustará aos preceptos contidos na sección 3ª da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. Os expedientes serán avaliados por un órgano colexiado, segundo os criterios establecidos nesta orde. O dito órgano colexiado, Comisión de Avaliación, estará constituído polos seguintes membros:

- Presidente/a: a persoa titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro.
- Secretario/a: unha persoa funcionaria de carreira da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, nomeada pola persoa titular da Dirección Xeral de Cultura.



– Vogais:

- A persoa titular da xefatura do Servizo do Libro e Publicacións.
- Unha persoa experta por proposta das asociacións de tradutores/as.
- Unha persoa experta por proposta da asociación de editores/as.
- Unha persoa experta no ámbito do libro galego designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Cultura.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da Comisión, poderá ser substituído por outra persoa que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura.

4. As solicitudes que se axusten aos requisitos establecidos nesta convocatoria valoraranse de acordo cos criterios establecidos no artigo 14 desta orde e a repartición económica realizarase de acordo co establecido no artigo 16. En todo caso, respectaranse os límites determinados no artigo 5 desta orde.

Artigo 14. *Criterios de adxudicación*

As solicitudes que se presenten serán valoradas pola Comisión de Avaliación a que fai referencia o artigo 13, número 3, de acordo cos seguintes criterios e coas puntuacións máximas que figuran na relación:

1. Interese literario da proposta presentada: máximo 40 puntos.

a) Valoración da obra: máximo 25 puntos.

Valorarase a súa calidade literaria, consideración da crítica literaria, premios acadados, éxito comercial (edicións, linguas traducidas...), así como aqueles outros aspectos que, a criterio da Comisión de Avaliación, determinen o interese literario da obra.

b) Valoración da persoa autora: máximo 15 puntos.

Valorarase a traxectoria da persoa autora: calidade literaria, consideración da crítica literaria, premios acadados, éxito comercial (edicións, linguas traducidas...), proxección no



mercado literario nacional e internacional, así como aqueles outros aspectos que, a criterio da Comisión de Avaliación, determinen o interese literario da persoa autora.

2. Dificultade da tradución: máximo 10 puntos.

Considérase obra de especial dificultade a poesía. Non obstante, pode haber outras traducións que tamén se consideren de especial dificultade, tanto polo idioma como por outras características do contido da obra, que así determine a Comisión de Avaliación, que será quen estableza o grao de dificultade da súa tradución.

3. Catálogo da editorial: máximo 20 puntos.

Valoraranse o número de obras literarias, publicadas e comercializadas polas editoras fóra de Galicia, excluídas as reimpresións, entre os anos 2023 e 2025 (ambos incluídos), do seguinte xeito:

– Menos de 5: 10 puntos.

– De 5 a 15: 15 puntos.

– Máis de 15: 20 puntos.

4. Traxectoria profesional da persoa tradutora: máximo 30 puntos.

a) Experiencia: máximo 16 puntos.

Obra literaria traducida: un punto cada dúas obras traducidas (máximo 15 puntos).

Outra experiencia profesional como tradutor/a en ámbito diferente ao literario: 1 punto.

Deberán acreditarse as obras traducidas a través da referencia ao ISBN.

b) Formación: máximo 5 puntos.

-Titulado/grao en Tradución: 5 puntos.

c) Premios específicos de tradución obtidos (máximo 9 puntos):

– Ámbito autonómico, 1 punto por premio, máximo 3 puntos.



- Ámbito nacional, 2 puntos por premio, máximo 6 puntos.
- Ámbito internacional, 3 puntos por premio, máximo 9 puntos.

Artigo 15. *Proposta de resolución*

1. Unha vez avaliados os proxectos segundo os criterios establecidos no artigo 14 desta orde, a Comisión de Avaliación elaborará un informe en que se incluírá unha listaxe que indique a puntuación outorgada a cada proxecto. O órgano instructor formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada á vista do expediente e do informe da Comisión da Avaliación.

Esta proposta provisional farase pública na páxina web da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, <https://www.cultura.gal>. Nela expresarase a puntuación proposta para cada proxecto admitido, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes. As editoriais disporán de dez (10) días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da data de publicación da proposta provisional, para formularen as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a Dirección Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, nos lugares e na forma indicados no artigo 7 desta orde.

En todo caso, as editoriais que presenten alegacións enviaránlle un correo electrónico á Dirección Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, ao seguinte enderezo: axudas-libro.cultura@xunta.gal, no cal indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

2. Examinadas as alegacións aducidas polas persoas interesadas, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os cales se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectualas, de acordo cos criterios e puntuacións establecidos no artigo 14 destas bases que se terán en conta para a distribución do orzamento como se indica a continuación.



Artigo 16. Contía da axuda**1. Procédese ao cálculo da axuda do seguinte xeito:**

a) Establécese o seguinte prezo por páxina, en función da dificultade da tradución, de acordo co disposto no artigo 14, número 2, desta orde:

– Especial dificultade: 25 euros por páxina, ata o 100 % do custo da tradución, sempre que acaden a puntuación mínima de 50 puntos e tendo en conta os límites orzamentarios dos artigos 5 e 16 desta orde.

– Sen especial dificultade: entre un mínimo de 12 euros e un máximo de 20 euros por páxina. Neste caso, repartirase o orzamento proporcionalmente en función da puntuación obtida no artigo 14 desta orde, ata 100 % do custo da tradución, sempre que acaden a puntuación mínima de 50 puntos e haxa dispoñibilidade orzamentaria. No caso de que, debido ao número de solicitudes admitidas e as dispoñibilidades orzamentarias, non sexa posible subvencionar a totalidade do importe mínimo establecido, a contía da subvención que se conceda reducirase proporcionalmente.

Para os efectos desta orde, a páxina inclúe 1.800 caracteres con espazos incluídos.

b) No caso de non coincidir o número de páxinas da obra orixinal indicado pola entidade solicitante co cotexado pola Comisión de Avaliación, farase a correspondente modificación.

c) A cantidade final adxudicada será a resultante da repartición do orzamento existente, entre a totalidade das solicitudes correctamente recibidas, tendo en conta para o cálculo da axuda o prezo por páxina e os límites do artigo 5 e os deste artigo.

d) O importe máximo de subvención por obra será de seis mil euros (6.000,00 €), agás as traducións de obras de máis de 600.000 caracteres, para as cales o máximo será de dez mil euros (10.000,00 €).

e) A puntuación mínima para obter a axuda é de 50 puntos.

f) A contía correspondente á primeira anualidade é do 45 % do total adxudicado como axuda e o 55 % restante corresponde á segunda anualidade.

g) Ningún proxecto poderá recibir unha axuda que exceda o seu custo total.



h) Se, como consecuencia da repartición, a cantidade resultante é un número cuxo primeiro decimal é 5 ou superior, redondearase ao enteiro superior máis próximo. Se o primeiro decimal é inferior a 5, manterase o mesmo número enteiro.

2. O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor en que conste que da información que figura no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

3. Realizada a repartición, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral de Cultura, quen resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Artigo 17. *Resolución*

1. A persoa titular da Dirección Xeral de Cultura, por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, no prazo de quince (15) días desde a elevación da proposta de resolución da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, ditará a resolución de concesión de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nesta resolución incluíranse a relación de beneficiarias, as cantidades concedidas, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes.

2. A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web <https://www.cultura.gal>. Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

3. O prazo para ditar e notificar ás persoas interesadas a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

4. O vencemento do dito prazo sen que se notifique a resolución expresa faculta a persoa interesada para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

5. Así mesmo, deberá comunicarse ás persoas beneficiarias o importe da axuda (en equivalente bruto de subvención) e o seu carácter de axuda *de minimis* exenta en aplicación do Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023, serie L).



Artigo 18. Notificación

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos ou por imposibilidade no caso de entidades estranxeiras de conformidade co disposto no artigo 7.4 desta orde, a Administración xeral e do sector público autonómico efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, en concordancia co previsto no artigo 7 desta orde.

Artigo 19. Publicación dos actos

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



administracións públicas, a notificación da resolución de concesión das axudas nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web <https://www.cultura.gal>

Artigo 20. *Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, salvo nos casos de imposibilidade de conformidade co disposto no artigo 7.4 desta orde.

Excepcionalmente no caso de editoriais estranxeiras que non dispoñan de mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente a través do correo: axudas-libro.cultura@xunta.gal

Artigo 21. *Aceptación das axudas*

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as persoas interesadas propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de 10 días para a súa aceptación, contado desde o día seguinte á data de publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comuniquen de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada pola representación da persoa beneficiaria.

Artigo 22. *Xustificación*

1. As editoriais beneficiarias das axudas para percibir a subvención quedan obrigadas a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a xustificaren a totalidade do orzamento, no prazo establecido nesta orde. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

2. A xustificación das axudas deberá realizarse do seguinte xeito:

2.1. A contía correspondente á primeira anualidade (45 % da subvención) xustificárase antes do 1 de novembro de 2026, e realizarase un único pagamento do importe concedido



para a primeira anualidade, tras a aceptación da axuda por parte da persoa beneficiaria e da entrega da seguinte documentación:

- Unha copia do contrato, que terá data a partir do 1.1.2025.

A dita anualidade será considerada como anticipo de acordo co artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, co artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e con esta convocatoria.

A concesión do anticipo quedará condicionada ao cumprimento, por parte da entidade beneficiaria, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En aplicación do artigo 65.4 do mencionado Decreto 11/2009, as entidades beneficiarias quedan eximidas da obriga de constituír garantías para a realización e cobranza dos anticipos: «Os beneficiarios das subvencións concedidas das cales os pagamentos non superen os 18.000 euros. No caso de pagamentos anticipados e/ou pagamentos á conta o importe anterior enténdese referido á cantidade acumulada dos pagamentos realizados».

2.2. A contía correspondente á segunda anualidade (55 %) xustificarse antes do 1 de outubro de 2027, e realizarase un único pagamento do importe total concedido, tras a entrega por parte da persoa beneficiaria da seguinte documentación:

- A factura xunto co xustificante do pagamento realizado á persoa tradutora, ou certificación conforme esa tradución se fixo con medios propios onde conste o importe da tradución (por palabra ou caracteres e por páxina).

- Un exemplar da tradución editada, en que deberá constar na páxina de créditos, ou na faixa publicitaria, ou nun autoadhesivo, ou en calquera acción publicitaria, física ou dixital, que se realice desa obra o seguinte texto: «Esta obra recibiu unha subvención da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia».

Tamén se fará constar o logo oficial da Xunta de Galicia. Deberá cumprir coa normativa vixente exixida para o depósito legal e o ISBN.

- Cando o libro se edite exclusivamente en formato dixital, o editor indicará o enderezo electrónico ou URL e o acceso á publicación. Tamén deberá achegar o xustificante de inscrición no ISBN.



– No caso de libros que se editen simultaneamente en formato papel e dixital, unicamente se deberá enviar un exemplar en papel.

– Comunicación que acredite a plataforma ou plataformas de venda onde o libro está aloxado. Será obrigatorio no caso de que o libro se edite en formato dixital e será opcional no caso de que o libro se edite tamén en formato físico.

3. No momento da xustificación da execución total da tradución da obra a persoa peticionaria deberá presentar unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para a mesma tradución, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

4. De acordo co artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o IVE só será subvencionable cando non sexa recuperable. Deberán especificar e xustificar esta circunstancia.

Artigo 23. *Pagamento*

1. Para os efectos do disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado e pagado o que se acredite entre o 1 de xaneiro de 2026 e 30 de setembro de 2027.

2. Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

– Xustificante bancario do pagamento pola persoa beneficiaria (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo polo portelo, certificación bancaria), en que conste o número da factura obxecto do pagamento.

– Identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir coa persoa beneficiaria da axuda.

– Identificación da persoa destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa e entidade que emitiu a factura.

3. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se efectúe ante o órgano administrativo competente, este requirirá a persoa beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia



do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

4. A Dirección Xeral de Cultura poderá requirir en todo momento calquera documentación que considere oportuna para a xustificación da axuda.

5. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. De acordo cos artigos 13 e 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a entidade beneficiaria da subvención deberá xustificar que os gastos subvencionables deberán ter sido aboados nos prazos de pagamento previstos na normativa sectorial de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, de morosidade nas operacións comerciais.

Artigo 24. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias desta axuda quedan suxeitas ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As persoas beneficiarias da subvención farán constar en toda a comunicación e publicidade xerada o seguinte texto: «Esta obra recibiu unha subvención da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia». Tamén se fará constar o logo oficial da Xunta de Galicia.

Deberase cumprir coa normativa vixente exixida para o depósito legal e o ISBN.

3. O órgano instrutor poderá comprobar, a través das canles habituais de distribución, que as obras se encontren realmente inseridas no mercado editorial galego ou dos ámbitos para os que estiver destinado o proxecto subvencionado, e requirir, de ser o caso, a xustificación acreditativa deste aspecto.

4. As persoas beneficiarias deberán dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



5. Se para a realización da actividade obxecto da subvención se utiliza calquera elemento susceptible de xerar dereitos de autor, debe cumprirse co que dispón a normativa sobre propiedade intelectual.

6. As persoas beneficiarias deberán incluír o nome das persoas tradutoras nun lugar ben visible da obra editada.

7. As persoas beneficiarias das axudas terán a obriga de facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 25. *Reintegro da axuda e procedemento sancionador*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que a persoa beneficiaria da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude instruirá o correspondente expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, citada no punto anterior.

3. Toda alteración das condicións observadas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 26. *Controis*

A consellería competente realizará actuacións de seguimento e control das axudas concedidas que considere oportunas, ben con medios propios ou externos, co fin de comprobar o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e o destino definitivo. A beneficiaria estará obrigada a colaborar no labor de control proporcionando os datos requiridos.

Artigo 27. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 28. *Remisión normativa*

No desenvolvemento desta orde, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E, supletoriamente:

d) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, reguladora dos requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllese artigos de carácter básico, que resultan de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

e) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

f) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 29. *Recursos*

Contra os actos resolutivos que esgotan a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde a recepción da notificación da resolución, ou potestativamente, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Disposición adicional primeira. *Base de datos nacional de subvencións e Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios*

1. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do



artigo 20 será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas. A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

A entidade outorgante das axudas consignará na BDNS, no prazo de 20 días hábiles a partir da concesión da axuda, a información sinalada no artigo 6.1 do Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023, serie L).

2. As subvencións outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a persoa solicitante consente na inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar, agás nos casos legalmente establecidos, de acordo co regulado no artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na persoa titular da Dirección Xeral de Cultura para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura para que dite, no ámbito das súas competencias, os actos e as instrucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2026

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
P.D. (Orde do 28.6.2024; DOG núm. 130, do 5 de xullo)

Elvira M^a Casal García

Secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O LIBRO GALEGO, DIRIXIDAS Á TRADUCIÓN PARA OUTRAS LINGUAS DE OBRAS PUBLICADAS ORIXINARIAMENTE EN GALEGO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT221D	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ENDEREZO

PAÍS

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PARROQUIA	LUGAR
<input type="text"/>	<input type="text"/>

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal \(https://notifica.xunta.gal\)](https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
 Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS	<input type="text"/>						
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						

DATOS BANCARIOS
 Formato IBAN
 Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/>

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

RELACIÓN DAS OBRAS QUE SE VAN TRADUCIR

(Indicar título e autor. Presentarase un anexo II por cada obra para a cal se solicite subvención)

Nº	TÍTULO DA OBRA	AUTOR
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		
15		



CATÁLOGO DA EDITORIAL

Relacionar títulos das obras literarias que estean publicadas e comercializadas pola editora, fóra de Galicia, excluídas as reimpresións, entre os anos 2023 e 2025, ambos incluídos.

	TÍTULO	ISBN	ANO DE PUBLICACIÓN
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
17			
18			
19			
20			
21			

Indicar un enderezo electrónico onde se poida constatar o dito catálogo:



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que, en relación co imposto de actividades económicas:
- Estou exento do seu pagamento
- Non estou exento do seu pagamento



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
1. Documentación de carácter xeral

- Copia do último recibo de pagamento do imposto de actividades económicas, de ser o caso.
- Certificación onde conste o motivo polo cal a editorial, sexa persoa física ou xurídica, non figura inscrita nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria, e/ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e/ou da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, de ser o caso.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representación, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Escritura pública de constitución da entidade ou equivalente, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Poder do representante legal, de ser o caso.			

2. Documentación específica

- Contrato coa persoa tradutora da obra, de data a partir do 1 de xaneiro de 2025, conforme o establecido na Lei de propiedade intelectual, en que deben constar os datos identificativos da persoa que realizará a tradución e o seu importe.
- Plan de distribución da obra.
- Currículo da persoa tradutora onde conste os aspectos que se van valorar no artigo 14.4 desta orde: formación, experiencia profesional referida á obra traducida diferenciando obras literarias doutras traducións en ámbitos distintos do literario, así como premios recibidos como tradutor/a de ámbito autonómico, nacional ou internacional (máximo 2 páxinas). Ademais, deberán incluír os ditos datos no anexo II (documentación específica referida ás obras que se pretende traducir).
- No caso de que a editorial conte cun equipo propio de tradución, certificación que acredite que a persoa responsable da tradución está incluída no seu cadro de persoal, nunha categoría que a habilite para o exercicio de tal labor. Deberá constar na dita certificación a cuantificación do importe da tradución.
- Xustificante de ter os dereitos precisos para a publicación da obra, agás que a obra sexa de dominio público, que deberá indicarse no anexo II (documentación específica referida ás obras que se pretende traducir).
- Xustificante de ter presentado un exemplar completo da obra orixinal para a cal se solicite a axuda en formato dixital editable. No caso de ser inviable a súa presentación electrónica, deberá presentarse en soporte papel, tal e como se establece no artigo 10, número 5 desta orde.
- Memoria xustificativa sobre o valor literario da proposta presentada segundo o anexo II.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA	
DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>	
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>	
Certificado de estar ao día no pagamento coa Tesouraría Xeral Seguridade Social	<input type="checkbox"/>	
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas á Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>	
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>	
Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas	<input type="checkbox"/>	
Consulta de subvencións e axudas públicas afectadas pola regra <i>de minimis</i>	<input type="checkbox"/>	
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS	AUTORIZO A CONSULTA	
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.		
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non
Alta no imposto de actividades económicas (IAE)	<input type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT	<input type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non
Certificado de domicilio fiscal	<input type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Dirección Xeral de Cultura.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 20 de abril de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas para o libro galego, dirixidas á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinalmente en galego, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento CT221D).

Xacobeo  **2027**

Dirección Xeral de Cultura



MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE O VALOR LITERARIO DA PROPOSTA PRESENTADA

(Debe presentarse un anexo II por cada proposta que se solicite traducir).

NOME DA EDITORIAL SOLICITANTE <input type="text"/>	
DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA REFERIDA Á OBRA QUE SE PRETENDE TRADUCIR	
TÍTULO DA OBRA: <input type="text"/>	
XÉNERO LITERARIO:	<input type="checkbox"/> Infantil e xuvenil <input type="checkbox"/> Poesía <input type="checkbox"/> Divulgación científica <input type="checkbox"/> Teatro <input type="checkbox"/> Ensaio <input type="checkbox"/> Narrativa <input type="checkbox"/> Cómico
IDIOMA ORIXINAL DA OBRA: <input type="text"/>	Importe da tradución: <input type="text"/> Número de páxinas da obra orixinal (para os efectos desta orde, a páxina comprende 1.800 caracteres con espazos incluídos.): <input type="text"/> Prezo por páxina: <input type="text"/> Número de caracteres total da obra orixinal: <input type="text"/>
DATOS DE TRADUCIÓN:	NOME DO TRADUTOR: <input type="text"/> TIPO DE TRADUCIÓN: <input type="radio"/> Primeira tradución <input type="radio"/> Máis de 20 anos desde a última tradución
DEREITOS: <input type="radio"/> A obra é libre de dereitos (dominio público) <input type="radio"/> A editora está en posesión dos dereitos de edición para a publicación da obra traducida (neste caso deberá achegarse o contrato de edición)	Neste caso, indicar: Data de falecemento do/da autor/a da obra: <input type="text"/> País de orixe do/da autor/a da obra: <input type="text"/>
DATA DE PUBLICACIÓN:	<input type="checkbox"/> En trámite <input type="checkbox"/> Data da entrega do libro na oficina do depósito legal: <input type="text"/> <input type="checkbox"/> Data da publicación na plataforma para a súa comercialización: <input type="text"/>



CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

1. Interese literario da proposta presentada (máximo 40 puntos). Estas alíneas a) e b) corresponden coa memoria exóida no artigo 9.2.b) desta orde.

a) Valoración da obra (máximo 25 puntos dos 40 anteriores)



CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (continuación)

1. Interese literario da proposta presentada (máximo 40 puntos). Estas alíneas a) e b) corresponden coa memoria exóida no artigo 9.2.b) desta orde (continuación)

b) Valoración do/da autor/a: (máximo 15 puntos dos 40 anteriores)

2. Dificultade da tradución (máximo 10 puntos). Xustificar a especial dificultade da tradución, de ser o caso.



CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (continuación)
3. Catálogo da editorial (máximo de 20 puntos)

Indicar enderezo electrónico onde se poida consultar o catálogo en que se inclúan as obras literarias publicadas e comercializadas pola editora fóra de Galicia, excluídas as reimpresións, entre os anos 2023 e 2025, ambos incluídos:

Indicar o suposto que corresponda (10 puntos por menos de 5 obras, 15 puntos de 5 a 15 obras e 20 puntos por máis de 15 obras):	Puntos
<input type="radio"/> Menos de 5 obras: 10 puntos	
<input type="radio"/> Entre 5 e 15 obras: 15 puntos	
<input type="radio"/> Máis de 15 obras: 20 puntos	

4. Traectoria profesional da persoa tradutora (máximo 30 puntos)
a) Experiencia (máximo 16 puntos dos 30 anteriores)

Obra literaria traducida: un punto cada dúas obras (máximo 15 puntos dos 16 anteriores)

Incluír a relación de obras literarias traducidas (corresponde un punto cada dúas obras)

	Título	ISBN	Ano de publicación	Puntos
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				
13				
14				
15				
16				
17				
18				
19				
20				
21				
22				
23				
24				
25				
26				
27				
28				
29				
30				
			TOTAL	



CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (continuación)
4. Traectoria profesional da persoa tradutora (máximo 30 puntos) (continuación)
a) Experiencia (máximo 16 puntos dos 30 anteriores)

Outra experiencia profesional como tradutor/a en ámbito diferente ao literario (máximo 1 punto dos 16 anteriores)

 Sí Non

TÍTULO	ISBN	Puntos

b) Formación (máximo 5 puntos dos 30 correspondentes ao número 4)

Titulación/grado en Tradución (5 puntos)

 Sí Non

	Puntos

c) Premios específicos de tradución obtidos (máximo 9 puntos dos 30 correspondentes ao número 4)

TÍTULO	ISBN	Puntos
Autonómicos (1 punto por premio, máximo 3 puntos)		
Ámbito nacional (2 puntos por premio, máximo 6 puntos)		
Ámbito internacional (3 puntos por premio, máximo 9 puntos)		
Total		

Puntos totais	
---------------	--



SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

 , de de **Xacobeo  2027**

Dirección Xeral de Cultura

